



CONCELLO DE FISTERRA
Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
C.I.F.: P1503800C
Telf. 981 740 001
info@concellofisterra.com

BANDO

José Marcote Suárez, Alcalde do Concello de Fisterra

FAGO SABER:

O Decreto 8/2021, do 26 de xaneiro da Presidencia da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria anunciou novas restricións que estarán en vigor dende as 00:00h do mércores, 27 de xaneiro e que se manterán, polo menos, ata o 17 de febreiro do 2021. En dito Decreto recoméndase:

- “Restrinxir ao máximo a interacción social e que os encontros queden limitados unicamente á unidade de convivencia”.
- “Evitar ou reducir a mobilidade xeográfica o máximo posible”.

Toda Galicia está no nivel máximo de restricións e recoméndase saír da casa só para cuestións esenciais, polo que comunico:

1º.-A atención ao público, de forma presencial nas oficinas municipais e demais departamentos do Concello de Fisterra, quedará limitada aos casos de extrema necesidade e sempre con cita previa solicitada ao Concello.

2º.-A solicitude de cita e os trámites administrativos poden facerse:

-VÍA TELEFÓNICA: 981 740 001 (DE 9:00 A 14:00H)

-CORREO ELECTRÓNICO: info@concellofisterra.com

-VÍA TELEMÁTICA <https://sede.concellofisterra.gal/opencms/es/>

Fisterra, 27 de xaneiro de 2021

O Alcalde

José Marcote Suárez